



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2024-25

Centro de Estudos Galegos

Universidade de Estremadura

Responsable (UEx): Juan M. Carrasco González

Lectora: Lara Fernández Martínez

ÍNDICE

CONTEXTO DO LECTORADO.....	3
1. ACTIVIDADE DOCENTE.....	4
2. ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN.....	4
1. INTERNAS (co grupo clase. Sen financiación):.....	5
2. EXTERNOS (con facturación):.....	5
3. DIFUSIÓN DE ACTIVIDADES. COLABORACIÓN CON OUTROS CENTROS.....	5
ANEXOS.....	7

CONTEXTO DO LECTORADO

A Universidade de Estremadura (UEX, 2023) é un centro de estudos de titularidade pública creada en 1973 (Decreto 991/1973, de 10 de maio de 1973, BOE do día 18 de maio de 1973). Posúe dous centros universitarios, un en Plasencia e outro en Mérida, e tres escolas; a politécnica, a de enxeñaría industriais e a de enxeñaría agrarias.

Por outra banda, hai dous campus: un en Cáceres e outro en Badaxoz. O presente lectorado está localizado na comunidade autónoma de Estremadura; máis concretamente, na provincia de Cáceres. Ten lugar na facultade de Filosofía e Letras (Ax. de las Letras, s/n, 10003) e pertence ó departamento de Linguas Modernas e Literaturas Comparadas. O coordinador e responsable máximo do lectorado é Juan María Carrasco González, catedrático da Universidade estremeña na área de Filoloxía Galega e Portuguesa e director do Centro de Estudos Galegos do lugar.

A comunidade autónoma estremeña, de fala castelá, ten fortes relacións con Portugal e, por suposto, coa súa lingua debido á súa posición fronteiriza e as relacións socioeconómicas. Deste xeito, o portugués estúdase no ensino secundario e como grao propio na facultade mencionada no parágrafo anterior.

Por outra banda, no Valle de Jálama; situado ó nordeste da provincia de Cáceres, xunto á fronteira de Portugal e no límite provincial de Salamanca, atópanse tres vilas nas que se fala outra lingua romance pertencente ó subgrupo galego-portugués: A Fala. Ditas vilas son: Valverde do Fresnu, As Ellas e San Martín de Trebellu.

Deste xeito, é comprensible a importancia dun lectorado en Estremadura pola importancia que goza o estudo lingüístico neste lugar e en prol da difusión da lingua, historia e cultura galega. O alumnado de diferentes graos relacionados co coñecemento das linguas e literaturas doutros lugares, amosa un interese notorio no coñecemento do galego, ben polas posibilidades que lles aporta para aumentar o seu currículo, ben pola importancia que ten á hora de poder mobilizarse cara a territorio galego na súa futura carreira profesional.

Poder contar con persoal nativo que engada ese toque de paixón pola terra, de gozo pola lingua e coñecemento de primeira man, é unha innegable fortuna que, grazas a persoas coma Juan, o alumnado pode desfrutar. Tamén é unha forma de darlle entrada laboral e coñecemento do mundo universitario desde o “outro lado” a docentes que poden beneficiarse da oportunidade que dan os lectorados.

Remato dicindo que o trato e colaboración de todo o persoal da área de galego-portugués facilita moito a labor docente e a xestión de cuestións de difusión de todo o que o galego representa.

1. ACTIVIDADE DOCENTE

A actividade docente desenvólvese en dúas partes, o primeiro e o segundo semestre. Durante o primeiro semestre do curso 2025-26 ofrecéronse, por segunda vez, dous cursos de formación permanente, homologados pola Universidade de Estremadura que ofrecen ó alumnado a posibilidade de formarse en materia de lingua e literatura galega. Ambas foron dotadas con 6 créditos ECTS cada unha: *Lingua galega I* e *Literatura galega*. O primeiro, tivo un total de sete persoas matriculadas. Debido a posibilitar unha formación híbrida, matriculáronse dúas alumnas checas que estiveron de ERASMUS o pasado ano e un rapaz de Madrid. O segundo quedou deserto por falta de quórum pero solicitarase de novo para o curso 2025-26.

No segundo semestre, ofrécese, novamente, e coma materia oficial de grao, tamén dotada de 6 créditos ECTS, de , *Historia e Cultura galega* entre o alumnado dos graos de Hispánicas, Portugués, Francés e Clásicas. Esta é de carácter optativo e de 60 horas lectivas. Por outra banda, tamén se solicitaron 6 créditos ECTS para outro curso que consta coma estudio propio por parte da formación permanente da universidade estremeña: *Lingua galega II*.

2. ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIVULGACIÓN

Debido á renovación do convenio en agosto do presente ano, presento esta memoria dunha temporalidade breve que corresponde, soamente, ó primeiro cuadrimestre. Debido ó éxito que tiveron o pasado ano, realizouse unha actividade que formou parte da programación anterior. Estas actividades, no seu conxunto, serán divididas en dous grupos. Aquelas de carácter interno, realizadas co grupo-clase e sen financiación, e as de carácter externo; financiadas

1. INTERNAS (co grupo clase. Sen financiación):

“Instagram en galego”

Debido ó enorme éxito obtido, repítese a actividade de “Instagram en galego”. Este primeiro proxecto de bloque proposto está deseñado para realizarse en todas as ensinanzas que integran a etapa universitaria sen discriminación por idade desde o inicio da mesma. Isto é porque non é necesario ter coñecementos didácticos previos, así como pola sinxeleza de levalos a cabo. Esta proposta persegue un dos obxectivos básicos da psicoloxía positiva na educación: aumentar o nivel de benestar e motivación do alumnado.

A descrición é a seguinte: na primeira sesión explicarase o proxecto ao alumnado. O profesor e o alumnado crearán xuntos unha conta de Instagram cuxos contrasinais só terá o profesor. Crearanse grupos en función do número de alumnos que presenten, en caso contrario, a nivel individual buscarase algunha frase, verso, ou algo que teña que ver coa cultura galega, sexa orixinal ou doutra autoría. Este enviarase ao profesor nos días habitualmente sinalados e o profesor subirao á rede social co fondo base creado conxuntamente.



2. EXTERNOS (con facturación):

- Co fin de facilitar a investigación e proceso de traballo, mercouse un ordenador portátil Lenovo Ideapad Slim 3:
 - i7 13620H - 16 Gb. RAM - 512 Gb. / SSD - Pantalla 15,3" - WIN 11 PRO

3. DIFUSIÓN DE ACTIVIDADES. COLABORACIÓN CON OUTROS CENTROS.

A difusión de actividades levarase a cabo de forma física e virtual. Non se descarta que o CEG colabore con outros Centros de Estudos Galegos doutros lugares co fin de desenvolver proxectos comúns.

- Colaboración co CEG da Universidade de Alacant coa **conferencia “Cantar, cantar, cantei. Tipoloxía e historia da música galega”** por parte da lectora de Estremadura, Lara Fernández Martínez.
 - Día: 28 de novembro de 2025
- **Publicación do libro *Facendo ruído. Monólogos de voces femininas galegas doutro tempo***. Colaboración entre o CEG Estremeño e o Servizo de Publicacións da Universidade de Estremadura.
 - **Ligazón:**
 - https://publicauex.unex.es/libro/facendo-ruido_168669/
 - <https://dehesa.unex.es/entities/publication/bf995858-83d7-4586-b0cb-5cfb232948e1>

E, para que quede constancia disto, asinan en Cáceres, o 09 de decembro do 2025:

O responsable (UEX)

A lectora

Asdo. Juan M. Carrasco González

Asdo. Lara Fernández Martínez

ANEXOS

- **Colaboración coa Universidade de Alacant coa conferencia “Cantar, cantar, cantei. Tipoloxía e historia da música galega”**



- **Libro: *Facendo ruído. Monólogos de voces femininas galegas doutro tempo.***

FACENDO RUÍDO
MONÓLOGOS DE VOCES FEMININAS
GALEGAS DOUTRO TEMPO

